

MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO PARA A ASUNCIÓN POLA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DA CONVOCATORIA E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS UNITARIOS PARA O ACCESO ÁS DIFERENTES CATEGORÍAS DOS CORPOS DE POLICÍA LOCAL ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO DA XUNTA DE GALICIA E OS CONCELLOS GALEGOS

O Director Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública **DECLARA:**

Que a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo formalizou o convenio ou addenda ao convenio para a asunción pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso as diferentes categorías dos Corpos de Policía Local, auxiliares e vixiantes municipais (segundo proceda) cos Concellos que a continuación se sinalan durante o terceiro cuadrimestre do ano 2020:

- Convenio co Concello de Arteixo por un período de vixencia de catro anos dende o día 2 de outubro de 2020.
- Convenio co Concello de Burela por un período de vixencia de catro anos dende o día 11 de novembro de 2020.
- Convenio co Concello de Ponte Caldelas por un período de vixencia de catro anos dende o día 11 de decembro de 2020.
- Convenio co Concello de Friol por un período de vixencia de catro anos dende o día 14 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

- A delegación polos Concellos na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia das competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso as diferentes categorías dos corpos das policía locais, auxiliares e vixiantes municipais.
- En virtude da devandita delegación, a Administración xeral da Comunidade Autónoma asume durante o período ao que se estende a vixencia deste convenio



a convocatoria e desenvolvemento de todos os procesos selectivos para as prazas de auxiliares de policía local, segundo as necesidades de persoal que lle sexan comunicadas polo concello na forma e prazos establecidos no presente convenio e demais normativa de aplicación.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamentan no seguinte:

A Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, establece no seu artigo 32.7 que “a Xunta de Galicia poderá asumir a convocatoria das prazas vacantes e, de ser o caso, a formación e o período de prácticas naqueles concellos que así o acorden mediante os oportunos convenios de colaboración”.

En desenvolvemento desta previsión, o artigo 2.2 do Decreto 115/2017 establece que “a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos mediante a asunción da convocatoria das prazas vacantes dos seus corpos de policía local, incluídas, de ser o caso, as de auxiliares de policía local ou dos postos de vixilantes municipais, de non existir no concello corpo de Policía local, requirirá a celebración do oportuno convenio a través da consellería competente en materia de seguridade”.

Dentro dese marco regulador, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da súa Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e da Academia Galega de Seguridade Pública, desexa cooperar activamente cos concellos de Galicia que dispoñen de corpo de Policía local e das prazas de auxiliares de policía local ou de vixilantes municipais, mediante a asunción da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías dos devanditos corpos e prazas de auxiliares de policía local e de vixilantes municipais.

Os concellos asinantes aprobaron nos seus Plenos municipais, adoptados en cumprimento do previsto no artigo 123.1.j da Lei 7/1985, do 2 de abril, delegar na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes



categorías de seu corpo de Policía local, auxiliares de policía local e vixiantes municipais segundo proceda, por todo o tempo de vixencia deste convenios.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Que estes convenios tipo foron informados favorablemente pola Asesoría Xurídica da entón Vicepresidencia e Consellería de Presidencia e Administracións Públicas e Xustiza con data 2 de xaneiro de 2018.

E para que conste, asínase esta memoria, na Estrada, na data da sinatura dixital.

Santiago Villanueva Álvarez

Director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública

